



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2026

Convocatoria local organizada pola BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI.

BASES

Poden participar todos os nenos e nenas con:

- A) **Narracións**, en galego cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto a continuación:
“ Medrar Lendo”.

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: Cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirse acompañado e a imaxinar novos camiños.

- B) **Debuxos**, feitos sobre **papel ou cartolina** de tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto a continuación:
“ Medrar Lendo”.

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: Cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirse acompañado e a imaxinar novos camiños.

Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañaranse unha folla co nome e demais datos do autor en LETRAS MAIÚSCULAS.

Establecense tres categorías: **A**, ata 8 anos, **B**, de 9 a 11 anos, **C**, de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación do traballo **rematará o vindeiro 11 de maio**, debendo ser entregados polos autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL ou a CONSERXE DO COLEXIO.

Os traballos premiados na fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

A selección realizarase, con suxeición a temática do certame, e valorando a orixinalidade, expresión, calidade da execución, con atención á idade dos nenos concursantes.

O xurado, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos e no caso de que a calidade e número de participantes o esixira ata dous accesits por categoría. Os autores seleccionados recibirán candanseu diploma, libros e agasallos.

A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das bases.